

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2019.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e cinco de febreiro de dous mil dezanove; as nove horas e vinte minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Dona María López Touza.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte de febreiro do dous mil dezanove (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**Outorgamento licenza de obras 161/2019 RIB / C/08.2/19**

Visto o escrito presentado por **Dona Elsa Nogueiras Cabanelas** , onde solicita Licenza de Obras para reforma de planta baixa para vivenda en Estrada N-120, P.Q. 593,080 marxe dereita, Ribadavia ,referencia catastral 000505000NG78C0002BT segundo “ PROXECTO TÉCNICO PARA REFORMA DE PLANTA BAIXA PARA VIVENDA E ANEXO Nº1 PROXECTO TÉCNICO PARA REFORMA DE PLANTA BAIXA PARA VIVENDA ” redactado polo arquitecto técnico don Amando Canitrot Pérez , visado nº 2019/48 de data 14/01/2019 e visado Nº 2019/48 DE DATA 14.01.2019 polo Colexio Oficial de aparelladores , arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Ourense.

Consta no expediente:

- “ PROXECTO TÉCNICO PARA REFORMA DE PLANTA BAIXA PARA VIVENDA E ANEXO Nº1 PROXECTO TÉCNICO PARA REFORMA DE PLANTA BAIXA PARA VIVENDA ” redactado polo arquitecto técnico don Amando Canitrot Pérez , visado nº 2019/48 de data 14/01/2019 e visado Nº 2019/48 DE DATA 14.01.2019 polo Colexio Oficial de aparelladores , arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Ourense.

*Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 25 de febreiro de 2018.*

*Consta informe do Secretario municipal de data 25 de febreiro de 2018.*

*A Xunta de Goberno Local, acorda :*

**Conceder licenza de obras a Dona Elsa Nogueiras Cabanelas**, para reforma de planta baixa para vivenda en Estrada N-120, P.Q. 593,080 marxe dereita, Ribadavia ,referencia catastral 000505000NG78C0002BT segundo “ PROXECTO TÉCNICO PARA REFORMA DE PLANTA BAIXA PARA VIVENDA E ANEXO Nº1 PROXECTO TÉCNICO PARA REFORMA DE PLANTA BAIXA PARA VIVENDA ” redactado polo arquitecto técnico don Amando Canitrot Pérez , visado nº 2019/48 de data 14/01/2019 e visado Nº 2019/48 DE DATA 14.01.2019 polo Colexio Oficial de aparelladores , arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Ourense.

#### **1.- Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

*A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.*

*De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.*

*Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.*

*En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.*

**Penalización:** *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

## **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Vivenda e outros usos.

**Contía na que se orzan as obras:** 36.277,78 €

**Situación e emprazamento das obras:** Estrada N-120 , P.Q 593,080 marxe dereita..

**Nome ou razón social do promotor:** dona Elsa Nogueiras Cabanelas

**Director de Obra:** D Amando Canitrot Pérez

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data 28/01/2019, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 920,19 euros, non procede a práctica de liquidación complementaria.

## **OUTRAS CONDICIONS.-**

-As obras axustaranse ao “ PROXECTO TÉCNICO PARA REFORMA DE PLANTA BAIXA PARA VIVENDA E ANEXO Nº1 PROXECTO TÉCNICO PARA REFORMA DE PLANTA BAIXA PARA VIVENDA ” redactado polo arquitecto técnico don Amando Canitrot Pérez , visado nº 2019/48 de data 14/01/2019 e visado Nº 2019/48 DE DATA 14.01.2019 polo Colexio Oficial de aparelladores , arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de Ourense.

## **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

-Escrito de dona Marta Araújo Montón , en representación da Anpa Ribadavia CEIP, no que expón que “ entrego memoria actividades Anpa Ceip Ribadavia y solicitud ayuda económica” e solicita “ ayuda económica”

A xunta de goberno acorda comunicar que a petición será atendida, pero na conversación mantida xa se informou que a memoria de actividades económicas debía ser presentada antes do remato do ano 2018, que se deberá efectuar a dotación orzamentaria e formalizar un convenio para realizar a aportación económica a ANPA CEIP Ribadavia.

## **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación á memoria valorada de mellora de pavimentación de varias rúas.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS.-**

Vista a ACTA MESA CONTRATACIÓN CONCURSO PÚBLICO PARA ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS

En Ribadavia ás doce horas do día 22 de febreiro de 2019 constitúese a mesa de contratación do concurso para a adxudicación dos postos da praza de abastos, integrada por D<sup>a</sup> Noelia Rodríguez Travieso, ( presidenta por decreto de delegación de alcaldía de 21 de febreiro), vogais Francisco Fernández Castro, don Vicente Soto Rodríguez, D Brais Fidalgo Martínez , secretaria Julia Mosquera Vázquez.

Presentan oferta:

- Ernesto Moroño Veloso aos postos 1,2 e 3.

Oferta contratar dos traballadores a tempo completo e un a media xornada no verán.6.000 euros de inversión e 30 días para a posta en funcionamento.

- Der Doctor SL aos postos 7,8 e 9 .

Oferta contratar dos traballadores .30.000 euros de inversión e 30 días para a posta en funcionamento.

- Rebusca SL ao posto 10.

Oferta contratar un traballador .10.000 euros de inversión e 30 días para a posta en funcionamento.

Fórmulase proposta de adxudicación aos postos 1,2 e 3 a don Ernesto Moroño Veloso, postos 7,8 e 9 a Der Doctor SL; posto 10 a Rebusca SL.

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do concurso público para a concesión demanial de postos da Praza de abastos municipal de Ribadavia.

Considerando que os tres licitadores xa aportaron a documentación xustificativa de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

A xunta de goberno local acorda:

Adxudicar a Ernesto Moroño Veloso a concesión demanial dos postos 1,2 e 3 da Praza de Abastos de Ribadavia.

Adxudicar a Der Doctor SI a concesión demanial dos postos 7,8 e 9 da Praza de Abastos de Ribadavia.

Adxudicar a Rebusca SL a concesión demanial do posto 10 da Praza de Abastos de Ribadavia.

-Notificar o presente acordo aos adxudicatarios.

-Requerir aos adxudicatarios a efectos de personarse no concello, a maior brevidade, para formalizar a concesión en documento administrativo.

**INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS PERSONALES PARA LA PRESTACIÓN DEL OBJETO DEL CONTRATO DE SERVICIOS DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DEL CONSEJO MUNICIPAL DE DEPORTES DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA.**

De conformidad con lo establecido en el artículo 116.4.f) de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público. La Junta de gobierno local, órgano de contratación por delegación de alcaldía de fecha 15 de junio de 2016, acuerda:

Acreditar que no existen medios personales para afrontar la necesidad propuesta consistente en la prestación de los servicios de promoción, coordinación y enseñanza de las actividades programadas por el Consejo Municipal de Deportes del ayuntamiento de Ribadavia que se ofertan en las instalaciones deportivas municipales y cubrir durante la temporada de verano la oferta de los cursos de iniciación y perfeccionamiento de natación y el servicio de socorrismo acuático en la piscina municipal por lo que se hace necesario celebrar un contrato de servicios..

Publicar el informe de insuficiencia de medios en el perfil del contratante de conformidad con lo establecido en el artículo 63.3.a) de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público.

**INFORME SOBRE LA NO DIVISIÓN EN LOTES DEL CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVICIOS DE ACTIVIDADES FÍSICO – DEPORTIVAS DEL CONSEJO MUNICIPAL DE DEPORTES DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA..**

Visto el expediente en trámite para la contratación del servicio de actividades físico-deportivas del ayuntamiento de Ribadavia.

Visto el artículo 99.3 de la Ley de Contratos del Sector Público.

Considerando que con la no división en lotes del objeto del contrato se cumplen con los requisitos de procedimiento , publicidad y los principios de igualdad y no discriminación establecidos en la normativa de contratación.

La Junta de Gobierno local por unanimidad acuerda:

El objeto del contrato no se divide, a efectos de su ejecución, en lotes por debido que con la división en lotes del objeto del contrato se incrementarían los costes de ejecución por la existencia de una

pluralidad de contratistas diferentes, se perderían las economías de escala, la coordinación de la ejecución de las prestaciones y la optimización del control de la ejecución global del contrato.

**Acuerdo de inicio del expediente de contratación de CONTRATO DE SERVICIOS DE ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DEL CONSEJO MUNICIPAL DE DEPORTES DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA**

Visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre , de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE ,de 26 de febrero de 2014, y en ejercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de junio de 2015,

La Junta de Gobierno Local acuerda:

PRIMERO.- Aprobar el expediente de contratación , mediante procedimiento abierto simplificado para **CONTRATO DE SERVICIOS DE ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DEL CONSEJO MUNICIPAL DE DEPORTES DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA** convocando su licitación.

SEGUNDO .Aprobar el gasto correspondiente a la anulación de 2019 39.000 euros IVA incluido.

TERCERO.- Aprobar los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato.

CUARTO.- Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el Anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre ,de Contratos del Sector Público.

QUINTO.- Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas. La documentación necesaria para la presentación de las ofertas tiene que estar disponible el mismo día de la publicación del anuncio de licitación.

SEXTO.- Finalizado el plazo de presentación de las proposiciones, se procederá a la apertura de las proposiciones y a su valoración.

SÉPTIMO.- Efectuada la valoración de las proposiciones y la propuesta de adjudicación, se procederá a la adjudicación.

**Aprobación de proxecto aos efectos de solicitude de subvención a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**

Vista a Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020.

Visto o proxecto de “ Mellora de camiños municipais do Concello de Ribadavia” redactado polo enxeñeiro do medio rural don Salvador Añel Prada cun orzamento subvencionable de 36.637,98 euros, IVE (21%) 7.693,98 EUROS, Orzamento subvencionable máis IVE, 44.331,96 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º. Aprobar o proxecto de “Mellora de camiños municipais do Concello de Ribadavia” aos efectos de solicitar subvención a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en base a Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa , mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020 ( DOG núm 21 de 30 de xaneiro de 2019).

2º.- Designar como representante legal da entidade solicitante o Sr. Alcalde, Don José Ignacio Gómez Pérez.

3º.- Que os camiños que integran o proxecto “Mellora de camiños municipais do Concello de Ribadavia”, obxecto de petición de subvención son de titularidade municipal.

**-CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA MANTEMENTO DE CAMPOS DE FUTBOL NO 2019, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA.**

Visto o acordado no Consello Rector do Consello Municipal de Deportes , celebrado o 19 de febreiro de 2019, “Aprobación, se procede, da convocatoria de subvencións para mantemento de campos de fútbol no 2019”

Vista a proposta de bases da convocatoria presentada polo Director do Servizo de Deportes .

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

- Aprobar a convocatoria de subvencións para mantemento de campos de fútbol para o ano 2019 polo procedemento de concorrencia competitiva.
- Aprobar as Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións para mantemento de campos de fútbol para o ano 2019.
- Autorizar o gasto por importe de 2200 € con cargo ao vixente orzamento municipal.
- Publicar anuncio no taboleiro de anuncios do concello, polideportivo municipal, BOP e páxina web do concello.

**-CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS NO 2019, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA.**

Visto o acordado no Consello Rector do Consello Municipal de Deportes , celebrado o 19 de febreiro de 2019, “Aprobación, se procede, da convocatoria dos programas subvencións para o 2019 a entidades deportivas.

Vista a proposta de bases da convocatoria presentada polo Director do Servizo de Deportes .

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

- Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades deportivas para o ano 2019 polo procedemento de concorrencia competitiva.
- Aprobar as Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades deportivas para o ano 2019.
- Autorizar o gasto por importe de 8000 €con ao vixente orzamento municipal.
- Publicar anuncio no taboleiro de anuncios do concello, polideportivo municipal, BOP e páxina web do concello.

**-CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS FÍSICO-DEPORTIVOS NO 2019, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA.**

Visto o acordado no Consello Rector do Consello Municipal de Deportes , celebrado o 19 de febreiro de 2019, “Aprobación, se procede, da convocatoria dos programas subvencións para o 2019 a entidades deportivas sen ánimo de lucro para organización de eventos físico-deportivos

Vista a proposta de bases da convocatoria presentada polo Director do Servizo de Deportes .

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

- Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para a organización de eventos físico-deportivos para o ano 2019 polo procedemento de concorrencia competitiva.
- Aprobar as Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para a organización de eventos físico-deportivos para o ano 2019.
- Autorizar o gasto por importe de 4000 €con ao vixente orzamento municipal.
- Publicar anuncio no taboleiro de anuncios do concello, polideportivo municipal, BOP e páxina web do concello.



**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE PRODUCTOS QUÍMICOS, MATERIAIS E OUTROS SERVIZOS PARA O TRATAMENTO E MANTEMENTO DA PISCINA MUNICIPAL A VERONZA.**

Sendo necesario en relación á piscina municipal de A Veronza o cumprimento do establecido polo Real Decreto 742/2013 e o Decreto 103/2005 de 6 de maio e outros normativas de aplicación.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

- 118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requerirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenrolo de esta lei.
- 118.3 No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.
- 118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.
- 
- 131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- 29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.
- 
- 16.1 Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, arrendamento financeiro ,ou o arrendamento , con o sen opción de compra de produtos ou bens mobles.
- 17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.



- 18.1 Entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.
- Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de varios contratos regulados nesta lei, estarase as seguintes regras.
- A)Cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous o máis contratos de obras, subministrados ou servizos atenderase o carácter da prestación principal.

Considerando que no presente exercicio orzamentario, non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto coa empresa Lincolnd Ibérica.

Contratar con Lincolnd Ibérica contratación do subministro de produtos químicos, materiais e outros servizos para o tratamento e mantemento da piscina municipal A Veronza por un importe total ,IVE engadido de 5.800 euros.

Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para o presente contrato, que se consideran parte integrante do mesmo con carácter vinculante para o concello e o contratista e copia das cales notificaranse ao contratista co acordo de adxudicación.

Aprobar o gasto por importe de 5.800 euros con cargo ao vixente orzamento.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as nove horas e trinta e cinco minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**